

Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA

ORDE do 23 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A), (DOG núm. 155, do 12 de agosto de 2024)

Expediente: **PE610A-2024-00006**

Examinada a documentación presentada pola entidade solicitante, as actas da Comisión de Avaliación e a proposta de resolución formulada pola presidenta da dita comisión, apreciáronse os seguintes feitos:

Primeiro.- O 10/09/2024 a entidade **CONFRARÍA DE PESCADORES SAN JUAN BAUTISTA DE BURELA** con NIF G27008515 presentou unha solicitude de axuda para o proxecto: CURSOS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA MARÍTIMA 2025.

Ao abeiro do establecido nos artigos 11, 12 e 13 da citada Orde do 12 de agosto de 2024, a solicitude, xunto coa documentación que a acompaña, foi cualificada, en canto a prazo e forma, como admitida.

Segundo.- A entidade solicitante, unha vez valorada e vista a proposta de concesión da axuda, cumpre os requisitos establecidos na orde de convocatoria e nas súas bases reguladoras para ser beneficiaria da axuda.

Terceiro.- Feita a correspondente valoración pola Comisión de Avaliación, a presidenta da comisión formulou a proposta de resolución ao órgano concedente para os beneficiarios, proxectos, conceptos e importes correspondentes.

[DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO](#)

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

T. 981 546 176

cmad@dxdesenvolvemento.xunta.gal

Páxina 1 de 11



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Cuarto.- De acordo co disposto no artigo 5 das bases reguladoras, a entidade proposta como beneficiaria da axuda está ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, non ten pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións nin ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Quinto.- Existe crédito suficiente e axeitado para a concesión da subvención nas aplicacións 46.03.422K.770.0 e 46.03.422K.781.0, código de proxecto 2023 00177, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma con cargo aos cales se propuxo a fiscalización de conformidade cos correspondentes documentos contables do compromiso do gasto. Así mesmo, cúmprese co establecidos no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Na tramitación desde expediente, ademais da ORDE do 23 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A), tívose en conta o disposto nas seguintes normas:

- Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao Fondo Social Europeo Plus (FSEP), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados.

[DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO](#)

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

T. 981 546 176

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

Páxina 2 de 11



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFPR001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

- Regulamento (UE) nº 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 2017/1004.
- Programa FEMPA aprobado pola Decisión da Comisión de aprobación do Programa FEMPA en España (CCI 2021ES14MFPR001) o 29 de novembro de 2022.
- Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión Europea, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1296/2013, (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013, (UE) nº 1309/2013, (UE) nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014, e (UE) nº 283/2014, e a Decisión nº 541/2014/UE, e polo que se deroga o Regulamento (UE, Euratom) nº 966/2012.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e posteriores modificacións.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, en materia de rexistro de axudas, subvencións, convenios e sancións.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Real decreto 193/2023, do 21 de marzo, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e emprego dos bens e servizos á disposición do público.

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

T. 981 546 176

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

Páxina 3 de 11



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFPR001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.
- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
- Calquera outra norma da Unión Europea, nacional ou autonómica, vixente que resulte de aplicación.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos **RESOLVO CONCEDER** unha axuda, financiada polo FEMPA, para a realización do proxecto formativo, á entidade CONFRARÍA DE PESCADORES SAN JUAN BAUTISTA DE BURELA nas condicións establecidas nos números seguintes.

I. Requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos

Expediente:	PE610A-2024-00006	NIF: G27008515
Entidade beneficiaria:	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN JUAN BAUTISTA DE BURELA	
Denominación proxecto:	CURSOS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA MARÍTIMA 2025	
Obxecto da operación:	A adquisición de novos coñecementos e capacidades que impulsen a competitividade do sector, o desenvolvemento profesional e mellores condicións laborais.	
Ubicación:	Concello: Burela	Provincia: Lugo
Identificación:	Programa operativo español 2021ES14MFPR001	
	Prioridade 1: Fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos	
	OE 1.1: Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables	
	Tipo de actividade 1.1.9: Formación	
Organismo Intermedio de Xestión:	Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro	

[DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO](#)

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

T. 981 546 176

cma.dedesenvolvemento@xunta.gal

Páxina 4 de 11



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

II. Plan financeiro

Importe total do proxecto:	106.989,30 €	Anualidade 2024: 0,00 €	Anualidade 2025: 106.989,30 €
Importe total subvencionable:	106.989,30 €	Anualidade 2024: 0,00 €	Anualidade 2025: 106.989,30 €
Importe público FEMPA (70%):	74.892,51 €	Importe público CA (30%):	32.096,79 €
Importe privado:	0,00 €		

III. Detalle da axuda concedida

Ano	Acción formativa/Concepto	Importe total
TOTAL 2024		0,00 €
2025	Formación básica en seguridade marítima	10.800,00 €
2025	Patrón/oa costeiro/a polivalente - Sección de ponte	26.095,00 €
2025	Patrón/oa costeiro/a polivalente - Sección de máquinas	18.500,00 €
2025	Patrón/oa costeiro/a polivalente - Sección de ponte	26.095,00 €
2025	Patrón/oa costeiro/a polivalente - Sección de máquinas	18.500,00 €
2025	Custos indirectos (7%)	6.999,30 €
TOTAL 2025		106.989,30 €

Total orzamento

	Anualidade 2024 sen gastos indirectos	Anualidade 2024 gastos indirectos	Anualidade 2025 sen gastos indirectos	Anualidade 2025 gastos indirectos	TOTAL
Importe	0,00 €	0,00 €	99.990,00 €	6.999,30 €	106.989,30 €

[DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO](#)

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

T. 981 546 176

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

Páxina 5 de 11



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

IV. Calendario de execución e xustificación

Prazo de execución:

- Dende o 10 de setembro de 2024 ata o 15 de novembro de 2024 para a anualidade 2024

- Dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 15 de outubro de 2025 para a anualidade 2025

Prazo de xustificación:

- Antes do 30 de novembro de 2024 para a anualidade 2024

- Antes do 15 de novembro de 2025 para a anualidade 2025

V. Obrigas das entidades beneficiarias

1.- Os beneficiarios deberán cumprir todas as obrigas sinaladas nas bases reguladoras, así como as derivadas do financiamento polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) e os requisitos deste documento que establece as condicións da axuda (DECA):

a) Realizar e xustificar as actividades para as cales se concede a subvención nos termos e prazos indicados nesta orde, na resolución de concesión, no proxecto que lles sirva de base e na demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a súa comprobación documental e material.

b) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

c) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

d) No caso de proxectos conxuntos, ratificar ante o órgano de xestión o acordo de colaboración para a execución do proxecto, unha vez notificada a concesión da axuda.

e) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera circunstancia que

[DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO](mailto:cmad@dxdesenvolvemento.xunta.gal)

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

T. 981 546 176

cmad@dxdesenvolvemento.xunta.gal

Páxina 6 de 11



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os que foi concedida a axuda de que se trate.

f) Facilitar toda a información que lles sexa requirida en relación coas subvencións e someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente, así como aos órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma, da Administración Xeral do Estado e da Unión Europea.

g) Cumprir as condicións de admisión da solicitude durante todo o período de execución da operación e durante un período adicional de cinco anos despois da realización do pagamento á entidade beneficiaria establecidas no artigo 11 do Regulamento (UE) nº 2021/1139. No caso de incumprimento neste período recuperarase a axuda concedida de conformidade cos artigos 44 do citado Regulamento 2021/1139 e 103 do Regulamento (UE) nº 2021/1060. No caso de detectarse infraccións ou fraudes en controis posteriores á concesión da axuda, recuperarase a axuda concedida de conformidade co disposto no artigo 202 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046.

h) Manter un rexistro e asegurarse de que os documentos xustificativos relacionados coa operación que reciba a axuda se conserven adecuadamente durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano no que o organismo intermedio de xestión efectúe o último pago á entidade beneficiaria.

Os rexistros e documentos conservaranse en forma de orixinais ou en forma de copias auténticas ou en soportes de datos comunmente aceptados como versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes só en versión electrónica. Cando existan versións electrónicas, non serán necesarios orixinais, se os ditos documentos cumpren os requisitos legais para poder ser considerados equivalentes a orixinais e fiables, para os efectos de auditoría.

i) Facer mención á orixe do financiamento, con expresa mención ao porcentaxe de financiamento do FEMPA e da Comunidade Autónoma, e velar por darlle visibilidade, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

comunicación e o público en xeral, de conformidade co artigo 60 do Regulamento (UE) nº 2021/1139.

j) Dar a coñecer a axuda prestada polos fondos ao proxecto formativo, de conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, para o cal:

1º. Se a entidade beneficiaria dispón de web ou contas en redes sociais, realizará unha breve descrición en relación co nivel de axuda, dos seus obxectivos e resultados, e destacarán a axuda financeira da UE.

2º. Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público ou aos participantes, incluírán unha declaración que destaque a axuda da UE de maneira visible.

3º. Deberán exhibir nun lugar ben visible para o público un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica con información en que se destaque a axuda do FEMPA.

Cando se realicen actividades de visibilidade, transparencia e comunicación o emblema da Unión Europea empregárase de conformidade co anexo IX do Regulamento (UE) nº 2021/1061.

Cando as entidades beneficiarias non empreguen o emblema da Unión Europea ou incumpran o establecido nesta letra, o organismo intermedio de xestión aplicará medidas, tendo en conta o principio de proporcionalidade, e suporá unha perda de ata un máximo do 3 % da axuda concedida.

k) En calquera actuación incluírán, así mesmo, o logotipo da Xunta de Galicia de conformidade co seu manual de identidade corporativa que responde aos criterios fixados no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

l) Levar rexistros contables independentes ou empregaren códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, de conformidade co artigo 74 do Regulamento (UE) nº 2021/1060.

m) Proporcionar e actualizar toda a información e datos necesarios para poder proceder ao seguimento e avaliación do programa operativo e dar cumprimento ao artigo 42 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 e ao artigo 46 do Regulamento (UE) nº 2021/1139, someténdose ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente e os



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración Xeral do Estado e da Unión Europea.

n) Para subvencións de importe superior a 30.000,00 euros, as persoas físicas e xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con ánimo de lucro, suxeitas á Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberán acreditar e cumprir, nos termos dispostos neste punto, os prazos de pagamento que se establecen na citada lei para obter a condición de beneficiarias.

ñ) Non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades afectadas polas situacións referidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

o) Cumprir coa normativa comunitaria, nacional e rexional vixente segundo a normativa sectorial que resulte de aplicación.

p) As operacións non poderán executarse antes de que a entidade beneficiaria presentase a solicitude de axuda.

q) A entidade deberá comunicar á Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, como mínimo con dez días de antelación, o lugar e hora de realización de cada actividade do proxecto formativo subvencionado, así como os/as docentes e persoa responsable da actividade que levará a cabo as tarefas de coordinación administrativa e de posta en marcha e seguimento de todas as accións formativas subvencionadas.

r) Comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento no que se produza a certeza da non execución no caso de non ser quen de realizar a actuación para a cal se concedeu a axuda.

s) Comunicarase ao Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) os feitos que podan ser constitutivos fraude ou irregularidade, a través do seu canal de denuncia:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/>

[ComunicacionSNCA.aspx](#)

t) As fundacións, asociacións, e en xeral, todas as persoas xurídicas, os fideicomisos tipo trust e entidades ou estruturas sen personalidade xurídica análogas aos trust deberán cumprir coas obrigas de declaración e actualización de información e identificación de

[DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO](#)

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

T. 981 546 176

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

Páxina 9 de 11



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

titulares reais previstas no Real Decreto 609/2023, do 1 de xullo, polo que se crea o Rexistro Central de Titularidades Reais, así como no seu Regulamento de desenvolvemento (artigo 1.4). A realización de trámites respecto do Rexistro Central de Titulares Reais, a través de internet, farase mediante o seguinte enlace:

<https://www.mjusticia.gob.es/es/ciudadania/tramites/registro-central-titularidades-reales>

2.- A non execución de polo menos o 50 % do gasto total subvencionado poderá levar á perda do dereito á totalidade da axuda concedida, que, en todo caso, deberá ser debidamente motivada.

3.- Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido nos artigos 15 da Lei de subvencións de Galicia e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as subvencións concedidas con suxeición a esta orde, indicando o programa e o crédito orzamentario a que se imputan, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería do Mar (<https://mar.xunta.gal>) a relación de entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

4.- Esta resolución incorpora o contido esixido pola Circular 1/2023 da Dirección General de Ordenación Pesquera do documento que establece as condicións da axuda (DECA), ao que se fai mención no artigo 73.3. do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, garantindo, polo tanto, coa notificación da presente resolución a comunicación á persoa beneficiaria do contido no dito precepto.

5.- A entidade beneficiaria comprométese a aceptar todas as condicións establecidas na presente resolución e a aceptación da axuda, sexa de forma tácita ou expresa, implicará:

[DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO](#)

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

T. 981 546 176

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

Páxina 10 de 11



Expediente cofinanciado pola Unión Europea – Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

OBXECTIVO: 1.1. Reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sustentables

TIPO DE ACTIVIDADE: 1.1.9.- Formación

Porcentaxe de cofinanciamento da medida: 70 % FEMPA – 30% Comunidade Autónoma.

Programa operativo español 2021ES14MFP001 OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

1º. A autorización da inclusión da operación subvencionada na lista de operacións seleccionadas para recibir axudas do FEMPA, consonte ao sinalado no artigo 49, apartados 3 e 5, do Regulamento (UE) 2021/1060.

2º. A autorización á UE para o uso de materiais de comunicación e visibilidade, previa solicitude, e a posibilidade de utilizalos sen que supoña custos adicionais significativos ou carga administrativa significativa, nin para os beneficiarios nin para os órganos xestores.

6.- No prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución, as persoas interesadas deberán comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención nas condicións expresadas nela, conforme ao anexo IV. De non facelo, entenderase tacitamente aceptada.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte á dita notificación.

Santiago de Compostela

O conselleiro do Mar

P.D. Disposición adicional primeira da Orde do 23.07.2024 (DOG núm. 155 do 12.08.2024)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

(asinado dixitalmente)

[DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO](#)

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños

15781 Santiago de Compostela

T. 981 546 176

cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

Páxina 11 de 11

